



CRÓNICA DAS I XORNADAS SOBRE CONSERVACIÓN EN CASTROS GALEGOS

Carolina Pérez Pérez

Durante os días 14 e 15 de xuño de 2013, celebráronse as *I Xornadas sobre a conservación en castros galegos. Estado actual e perspectivas de futuro* que xurdiron dende o Museo do Castro de Viladonga como unha actividade complementaria da última campaña de restauración do xacemento. Para a súa organización o Museo contou coa colaboración da empresa BIC. *Materiales y Conservación*, responsable das últimas intervencións no Castro, da USC a través da *Facultade de Humanidades* de Lugo representada pola profesora

Dolores Dopico, asidua colaboradora daquel centro e, por suposto, tamén de todos os relatores que participaron.

As Xornadas consistiron na celebración dunha parte teórica o día 14, coas respectivas exposicións sobre nove intervencións en castros, e complementouse cunha parte teórico-práctica cunha charla e unha visita guiada ao Castro de Viladonga o día 15. No primeiro día os relatorios tiveron lugar na *Casa do Saber*, sede da




Participantes, de esquerda á dereita: Luis López González; Matilde González Méndez, Felipe Arias Vilas, Carolina Pérez Pérez. Dolores Dopico Caínzos, Yolanda Porto Tenreiro, Marta Díaz Fernández, Yolanda Álvarez González, Xan Santos Maneiro e José Suárez Otero

Vicerreitoría da USC do Campus de Lugo, espazo que alberga importantes restos arqueolóxicos da cidade (a chamada *Domus* do Mitreo) e que desgraciadamente e por motivos protocolarios, xa que aínda non estaban inaugurados oficialmente, non se puideron visitar. Este espazo elixiuse pola boa localización no casco histórico da cidade, fronte á Catedral, ao pé da muralla romana e preto das rúas máis animadas de Lugo. Ademais, as datas coincidiron, para goce dos asistentes, coa festa do Arde Lucus onde se recrea a etapa histórica romana polas rúas da cidade.

Aínda que estaba programada unha parada no Castro de Saa (concello da Pastoriza), ao final non puido facerse polo dificultoso acceso para autocares, polo que o día 15 centrouse na visita ao Castro de Viladonga, guiada polo director do Museo, Felipe Arias Vilas, xunto coa directora dos traballos de restauración Marta Díaz Fernández, que explicaron detalladamente - á par de Puri Rosales (de BIC) e da autora destas liñas- todos os pormenores das últimas actuacións de conservación e restauración sobre as estruturas do xacemento, tendo lugar despois o acto de clausura das Xornadas e unha visita, libre pero comentada, ao propio Museo.

Un precioso día soleado e primaveral acompañou nesa mañá o fin desta reunión científica, que contou cun amplo seguimento pois se rexistraron 105 inscritos de todos os puntos de Galicia, Asturias e outras partes da Península incluído Portugal, o que indica o grande interese que concita a conservación do patrimonio arqueolóxico. O perfil dos asistentes inscritos, que podemos ver na gráfica anexa, foi moi variado pois



Gráfica dos perfís profesionais dos asistentes

aparecen persoas con formación e dedicación profesionais directamente relacionadas co tema da conservación do patrimonio, ademais doutras profesións transversais e interdisciplinarias como Química, Bioloxía ou Xeoloxía entre outras, polo que a asistencia resultou bastante heteroxénea.

Inicialmente, dende o Museo do Castro de Viladonga pensouse en organizar unhas simples charlas para dar a coñecer os traballos recentes de restauración neste xacemento, pero, aos poucos, esta idea estendeuse a dar a coñecer intervencións noutros castros para ofrecer unha visión global do panorama galego nesta materia.

O eixo fundamental deste encontro foi dar a coñecer e facer visibles os traballos de conservación e restauración nos castros. A preparación destes xacementos para o seu uso por parte da sociedade, galega ou foránea, xera importantes desafíos para a conservación das súas estruturas á intemperie e, polo tanto, é importante compartir as diferentes experiencias e poder avanzar neste eido.

Os obxectivos iniciais e principais foron os seguintes:

- 1.- Crear un espazo de encontro e contacto para os profesionais que traballan na conservación e restauración e mesmo na xestión dos castros do Noroeste peninsular, diante da necesidade de intercambiar as experiencias de traballo así como para poder compartir e crear sinerxías.
- 2.- Presentar as novas propostas e avaliar os resultados das intervencións, para facer transparente a información e promover unha aprendizaxe conxunta.
- 3.- Compartir as experiencias con outros profesionais relacionados con estes temas (arqueólogos, museólogos, xestores do patrimonio...) así como co alumnado universitario de materias afíns, ofrecendo coñecementos útiles para o presente e o futuro.

O programa das Xornadas foi o seguinte:

Venres día 14: Exposición das intervencións en nove castros:

9:30 h.- **Castro de Viladonga**, *Carolina Pérez e Marta Díaz*

10:30 h.- **Castro de Vigo**, *Matilde González Méndez*

- 12:00 h.- **Castrolandín**, *Yolanda Porto Tenreiro*
- 13:00 h.- **Castro de Baroña: semellanzas e diferenzas cun castro de interior, Castromaior**, *Luís F. López González; Miguel Angel López Marcos*
- 17:00 h.- **Castro do Facho**, *Marta Díaz Fernández e José Suárez Otero*
- 16:00 h.- **Castro de San Cibrán de Lás: semellanzas e diferenzas cun castro de montaña, Sta. M^a do Castro de Cervantes**, *Yolanda Álvarez González; Miguel Angel López Marcos*
- 18:00 h.- **Monte do Castro de Besomaño**, *Xan Santos Maneiro*

Sábado día 15:

- 10:00 h.-Visita de traballo ao Castro de Viladonga e ao seu Museo

Na primeira parte, a presentación de intervencións en nove castros galegos, o criterio de selección foi o da

representatividade baseada nos diversos labores de conservación e restauración realizados en épocas máis recentes. Son todos eles castros considerados "visitables", pero con características distintas tanto na súa localización coma nos seus materiais construtivos, a contorna, a historia das intervencións e o seu estado actual, as entidades e institucións de quen dependen e/ou que os xestionan, etc. Resultou de gran interese xuntar xacementos tan diferentes coas súas respectivas intervencións para comprobar a gran diversidade de tipoloxía construtiva, dos problemas na súa conservación e, por tanto, das diferentes solucións adoptadas en cada caso.

Despois da entrega de documentación e da presentación por parte das entidades organizadoras, a primeira intervención centrouse no **Castro de Viladonga** (Castro de Rei) a cargo de Carolina Pérez Pérez, restauradora do Museo, e Marta Díaz, restauradora da empresa BIC e responsable das últimas campañas de restauración no Castro. Fixeron un percorrido polos traballos de conservación e restauración dos restos arqueolóxicos dende os anos



Vista xeral da sala da Casa do Saber durante a primeira xornada

70, é dicir, durante tres décadas de experiencia neste sitio. Explicaron a evolución e os cambios que se rexistraron en todos estes anos de traballo, tanto nos criterios de intervención como nas propostas metodolóxicas para a preservación dos restos e a súa presentación ao público, considerando tamén a importante actuación do Museo neste sentido.

A segunda intervención presentou un traballo completamente diferente posto que se centrou no xacemento urbano do **Castro de Vigo**. A directora do *Proxecto de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do castro de Vigo*, a arqueóloga Matilde González Méndez, fixo unha completa explicación sobre a historia do xacemento e sobre dito proxecto. Unha intervención completa e complexa onde destacou a necesaria planificación para a recuperación deste conxunto patrimonial cunha aposta pola reconstrución volumétrica, xa que amosa a recreación do espazo doméstico, que se fixo por medio da réplica de dúas vivendas e da cultura material para ilustrar os restos orixinais.

Para rematar a primeira parte da mañá, tivo lugar a intervención de Yolanda Porto Tenreiro restauradora do INCIPIT-CSIC e responsable do proxecto do xacemento de **Castrolandín** (Cuntis), que destaca sobre todo porque foi unha iniciativa local a que desenvolveu esta recuperación patrimonial. Como moi ben explicou aquela autora, sabemos que as actuacións de posta en valor nun castro se inician coa roza e primeiras sondaxes, pero o que non está tan asumido é que unha vez iniciada a escavación e consolidación, as accións destinadas á conservación xa nunca rematan. Esta premisa repetiuse en varias ocasións nas xornadas, remarcando “a necesidade dun mantemento constante e periódico, imprescindible para preservar os restos arqueolóxicos”. Destaca nesta intervención o uso social pola comunidade de veciños e a proxección destes traballos nas actividades da *Fundación Terra Termarum* que hoxe leva a xestión das visitas ao castro, obradoiros de reproducións cerámicas e a tradicional celebración da festa de San Xoán. Yolanda Porto sinalou que a efectividade deste modelo de xestión podería ser utilizada noutros xacementos.

Despois dunha breve pausa, interveu o arqueólogo Luís López González (o restaurador Miguel Angel López Marcos estaba fóra de Galicia), que fixo un relatorio sobre o **Castro de Baroña, semellanzas e**

diferenzas cun castro de interior, Castromaior, comparando dúas intervencións en dous castros ben distintos, pois era moi interesante apreciar as diferenzas entre ambos modelos dun xacemento castrexo. Por unha banda, Baroña é un castro con moitas intervencións dende o ano 1933 e con graves problemas de presión antrópica polas numerosas visitas que recibe sobre todo en época estival, ademais da dificultade de restauración das murallas defensivas, o que fixo preciso unha reconstrución importante para ver a monumentalidade deste poboado. Por outro lado, o castro de Castromaior sito en pleno Camiño Francés de Santiago, escavado parcialmente e restaurado despois, que serviu para amosar, de novo, a necesidade dun mantemento constante se se quere garantir a preservación dos restos. O arqueólogo resaltou que, pasados dous anos logo de ser restaurado, Castromaior presentaba serios danos xa que ao non ter un plan de mantemento mostra un estado de abandono evidente. Nestes dous casos comprobouse, pois, a importancia da conservación dos restos arqueolóxicos para poder cumprir a súa función social.

Logo do xantar, tivo lugar a sesión da tarde co resto das intervencións. A primeira delas da arqueóloga Yolanda Álvarez González, que fixo a comparanza doutros dous castros, **San Cibrán de Lás, semellanzas e diferenzas cun castro de montaña, Sta. M^a do Castro de Cervantes**. No primeiro caso (situado entre os concellos ourensáns de Punxín e San Amaro) é un castro escavado dende os anos 20 do pasado século e intervindo en moitas ocasións; este *oppidum* de grandes dimensións e características moi particulares foi elixido para construír o Centro de Interpretación da Cultura Castrexa dependente da Xunta de Galicia, inaugurado recentemente. San Cibrán diferénciase moito do Castro de Santa María de Cervantes tanto polo tamaño como pola localización, o aparello construtivo etc. Ao igual que Luís López, Yolanda Álvarez forma parte da empresa Terra Arqueos, unha das máis veteranas no traballo da restauración arqueolóxica, e non só na nosa Comunidade e de aí a súa presenza relevante nestas Xornadas.

A segunda intervención da tarde correu a cargo de Marta Díaz Fernández, da empresa BIC, xunto co arqueólogo José Suárez Otero. Expuxeron a escavación e restauración dun xacemento singular, o **Castro do Facho** (Cangas do Morrazo), emprazado nun

significado outeiro con dificultades de acceso, especialmente para material e maquinaria para a escavación e a restauración. Este castro resulta de moito interese por tratarse dun santuario indíxena prerromano e, logo, galaico-romano. Así, resulta un paradoxo que o interese histórico e arqueolóxico non ten o correspondente reflexo institucional para dotar a este xacemento dos recursos precisos para a súa preservación e adecuada presentación ao público.

Para rematar as exposicións teóricas, o restaurador Xan Santos Maneiro presentou os recentes traballos no **Monte do Castro de Besomaño** (Ribadumia), que foi escavado nos anos 80 e sufrira a acción dunha canteira polo que o seu estado era de abandono. Este proxecto destaca por estar incluído nunha rede de posta en valor de bens culturais na comarca do Salnés, e é unha das novas iniciativas de posta en valor integrais, neste caso a cargo da Deputación de Pontevedra. Destaca por contar desde o inicio con

actuacións paralelas da escavación e consolidación dos restos.

Así pois, foron nove actuacións diferentes que achegan a experiencia nos traballos de conservación, restauración e presentación ao público. Por suposto, puidéronse tratar máis casos, pero tratouse de facer unha selección, loxicamente obrigada, o máis representativa posible. Un aspecto fundamental a destacar é que foi a primeira vez que houbo unha reunión destas características para a tratar os castros dende a perspectiva da súa conservación, e esperamos que isto se poida abrir en futuras ocasións a outros xacementos castrexos.

Despois dos relatorios, abriuse un debate no que hai que resaltar o alto grao de participación dos asistentes, que chegaron a esgotar, de sobra, o tempo dispoñible, o que dá pé para pensar que probablemente quedaron moitas cuestións sen expoñer ou tratar.



Visita guiada ao Castro de Viladonga

Resumindo moito, cremos que algúns dos aspectos máis destacadas no debate foron:

- A insistente premisa sinalada por case todos os relatores sobre a necesidade dun mantemento constante despois de cada intervención. Por suposto a roza periódica é unha acción prioritaria e indispensable.
- A necesidade, remarcada por Matilde González, de facer unha revisión do estado actual dos castros escavados visitables para planificar a situación destes cara a presentación ao público. Se non hai presuposto para unha conservación, sería bo proceder a documentar e logo tapar, o que garantiría a súa preservación para o futuro.
- Yolanda Porto insistiu na necesidade de facer didáctico o traballo de conservación e restauración para favorecer a comprensión destes traballos, que na maioría dos casos pasan desapercibidos.
- Xoán Xosé Molina, do Museo Comarcal da Fonsagrada, destacou que non haxa principios dogmáticos básicos nas intervencións de restauración. Cada caso é diferente e as propostas son individuais e todas poden ser válidas. Así, nalgúns casos consérvase unicamente o orixinal, noutros casos fanse restauración e mesmo noutros hai recreacións de vivendas e de obxectos.

Logo da visita ao Castro e Museo de Viladonga o día 15, na Sala de Actos deste, os organizadores presentaron as conclusións finais e pecharon estas Xornadas. Na mesma sala podía verse, ademais, unha exposición sobre os traballos de conservación e restauración

neste xacemento. Cómpre sinalar o seguimento polos medios de comunicación, o que axuda sen dúbida á difusión sobre a conservación do patrimonio arqueolóxico.

Tamén hai que sinalar que no blog <http://castrodeviladonga2013.wordpress.com> fíxose un seguimento das Xornadas e que no sitio web da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga (www.aaviladonga.es) a través da pestana Actividades e dentro desta en Acción Didáctica existe un enlace ao Resumo das Xornadas, podendo descargar desde aí os resumos de cada intervención en formato pdf.

Dende o Museo e as entidades colaboradoras valoráronse moi positivamente estas Xornadas, sobre todo polo alto nivel de participación activa, na inscrición e nos debates, o que amosa o interese que esperta un tema como o tratado.

Nas conclusións finais, e visto este éxito de participación, propúxose a celebración de futuras xornadas convidando a castros veciños asturianos e portugueses xa que varios dos asistentes tiñan esta procedencia. Así, nós esperamos que cara a un futuro próximo, o mesmo Museo do Castro de Viladonga, co apoio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, poida organizar unha segunda reunión sobre estes temas e con esta importante e activa participación.

Aproveitamos esta crónica para dar publicamente as grazas a todos os relatores, a todos os colaboradores e, por suposto, a todos os asistentes, que quedan convidados para futuras convocatorias que, esperamos, se poidan celebrar